

# Nossomos

Número 3  
Decembro 2023



## Nossomos

Revista da Escola de Música de Rianxo

Edita  
EDPC

Dirección  
Jesús Pérez

Redacción  
Nereida Pérez

Diseño e maquetación  
Jesús Pérez e Nereida Pérez

Ilustracións, audio e fotografía  
Fondo Documental do EDPC  
CC (BY-SA)

Colaboran  
Equipo de Documentación  
e Preservación Cultural  
Lucía Santiago, Alfredo Susavila,  
Miro Lamas, Valentín Rial,  
Belén Carril, Uxía García,  
Emma Giménez, Gael Varela,  
María Presas, Lucía González  
e tantas outras persoas que  
prestaron a súa colaboración  
dun xeito ou doutro,  
moitas grazas.

Paxina web  
[www.sondamar.es](http://www.sondamar.es)

Correo  
[edpcnossomos@gmail.com](mailto:edpcnossomos@gmail.com)

Licenzas  
EDPC CC (BY-SA)

# Editorial

Neste número tres, cuarto número desde que comezamos o noso percorrido, quixemos centrarnos nas entrevistas. Realmente esta fora exposta dunha forma diferente, afastándonos das seccións estándar que poboaron os anteriores. Recompiláramos algún material... de feito hai traballos que quedan no caixón por agora. Mais honestamente pensamos que cumprimos mal cos nosos obxectivos como revista se non apoiamos máis activamente a aquelas persoas que traballaron tanto nos seus proxectos, as súas presentacións... Estas páxinas, a fin de contas, son para apoiar todo o positivo que crece, todo o que apunta cara ao progreso, todo o que nos axuda a ver o mundo con novos ollos e estimula a nosa curiosidade. Todo o que, en definitiva, e no medio da loita e confrontación de ideas, une forzas para avanzar. *Da práctica á teoría e desta, de novo, á práctica.* Subscribimos estas palabras que facemos nosas. E, aprendendo do achegado polas persoas que participaron amablemente neste número, queremos destacar unhas cantas ideas guía contidas nas páxinas que quen nos le ten nas súas mans. Dos compañeiros Miro e Valentín, un dedicado profesionalmente á música (principalmente a docencia), o outro obreiro panadeiro e ambos con pouco tempo realmente, como o amor pola arte ábrese paso a pesar de, ou talvez grazas a, as dificultades porque *fas o que tes que facer para vivir e cando acabas, fas o que che gusta.* De tantas persoas coas que compartimos ideas nestes meses, aprendemos a importancia de non só non deixar de lado senón potenciar dous formatos polos que Rianxo comeza a ser unha referencia: *A Verbena Sinfónica* e a *Big Band da EMR*. Da entrevista con

Alfredo Susavila para a sección *E Logo Ti...*, aprendemos que non basta con ter o don de axudar a medrar dentro de cada un dos seus alumnos o amor pola música, senón que ademais fai falta verse falto, necesitado dun método sistemático para que ese amor creza san e, o que é máis importante, non quedar de mans cruzadas senón desenvolve-lo, hora a hora, día a día de traballo,... ata transmitir algo máis, transmitir a constancia do traballo sistemático diario para unir método e amor. Na serie de entrevistas que é o artigo sobre o *VI Ciclo de Novos Intérpretes da Escola de Música de Rianxo*, cremos que quen nos le poden atopar non soamente enerxía e vitalidade senón mesmo ideas e recursos moi orixinais e creativos á hora de abordar diversos aspectos da práctica musical. E, finalmente porque se nos acaba o espazo, no artigo sobre *Iniciativas Construtivas* o cal conta coa participación de *O Baixo Ulla*, aínda que son moitas cousas as que quixésemos resaltar, imos agora a facer fincapé na importancia de prestar atención, redescubrir e comprender as necesidades desa parte do noso municipio que, dando ao *Ulla* con toda a riqueza que iso conleva, parece ser abandonado case completamente. Pero de todas as cousas importantes que Lucía, en representación de *O Baixo Ulla* transmitiunos, hoxe, aquí, imos subliñar a idea de que *se queremos facer algo útil para o pobo, ten que ser sostido e alimentado polas mans dese mesmo pobo.* Son precisamente as mans do pobo as que nos fan ter os pés ben firmes na terra. Positividade, enerxía, alegría e optimismo son cousas imprescindibles para comezar e manterse en calquera obxectivo que nos propoñamos e isto é, e non outra cousa, o que desexamos que as persoas que nos len reciban. *A confirmación práctica de que é posible loitar e facer algo.* Tan só hai que *responder as necesidades obxectivas do pobo.* Tan só hai que dar o primeiro paso... e aprender de cada paso que damos.

Jesús Pérez.

# E así soa...


**2** Editorial.

**4** Noticias.  
Catro piares dun sólido edificio.

**5** Entrevista a...  
Valentín Rial y Miro Lamas. *E Como todos nós, cada un no seu campo, podemos marcar a diferenza.*

**10** Concerto  
Sentido. Big Band da EMR 2022 - 2023, un formato que fai de Rianxo un dos portos no que recalar en Agosto.

**13** E logo ti?  
Hoxe temos o pracer de entrevistar a... Alfredo Susavila. *A capacidade innata para transmitir o amor pola música, a importancia de comprender a necesidade dun método e desenvolve-lo, a constancia para unir método e amor.*



**18** Non estaba no teu libro pero... Aziza Mustafa Zadeh (*ʔziza Mustafazadə - Jazziza*). *Cando as raíces proxéctanse cara ao futuro.*

**22** VI Ciclo de Novos Intérpretes  
*O novo chama a porta.*

**34** Iniciativas Construtivas...  
*O Baixo Ulla, un proxecto ilusionante da Asociación Cultural Os Penoucos.*

**39** A Música das Palabras. *Casa en Outubro e Padre Nuestro Pequeniño.*

**41** Contando compases.  
Xeroglíficos, humor...

# Noticias

## Redacción

Desde o pasado número de Agosto, a *Escola de Música de Rianxo* centrouse en catro grandes obxectivos. En primeiro lugar o inicio do novo curso na nosa escola; o cal é o núcleo da actividade da *EMR*, o seu principal servizo ao pobo de Rianxo. En segundo lugar, non podía faltar unha nova edición do *Ciclo de Novos Intérpretes*, nesta ocasión a sexta, no cal se dan cita, en moitas ocasións man a man, tanto o profesorado da escola como o alumnado. É un paso natural, seguinte e complementario á formación que a mocidade do noso pobo foi obtendo ao longo dos seus anos na escola. Ciclo ao que desde aquí damos todo o noso apoio e ao que convidamos a aquelas persoas que nos len a asistir. Xa desde aquí dicímoslles que non lles defraudará, máis ben todo o contrario, poden atoparse algunhas sorpresas moi agradables que mostran o nivel tanto dos docentes como dos alumnos da *EMR*. Este ciclo conta no presente número cun artigo dedicado a dar voz a algunhas das persoas que participaron nel e é, de feito, o máis longo de toda a revista. Anexo a iso, como non, puidemos gozar dun Festival de Inverno onde os estudantes presentaron ante os seus familiares e o numeroso público en xeral, algúns dos progresos que van facendo na disciplina

que estudan. Emotivo sempre este festival e precisamente polo especial que é tanto para as familias dos estudantes como para os estudantes mesmos, o *Equipo de Documentación e Preservación Cultural (EDPC)* comezou a ofrecer gratuitamente, xa desde esta edición e a aqueles alumnos que o solicitaron, a gravación da súa actuación. É a nosa pequena achega, o noso pequeno agasallo do Nadal por todos os seus esforzos. En terceiro lugar, como non, mencionar a nova edición durante a *Guadalupe* pasada, da *Verbena Sinfónica*. Nesta ocasión dividida en dous pases diferentes e con tan boa acollida que son numerosas as persoas que nos transmiten as ganas de asistir á edición do próximo ano (queremos destacar que xa moitas delas nin preguntan se vai haber outra edición; dano por sentado, o que fala moi en favor do fondo que calou este formato no noso pobo). E en cuarto lugar, destacamos, como non, o popular *Concerto de Nadal* da *BEMR*; rotundo éxito devandito sexa de paso, que nesta edición contou cun calidamente emotivo e fermoso man a man co *Grupo de Baile e Música Tradicional Brincadeira*.



# Entrevista a...

Valentín Rial y Miro Lamas.

*Redacción*

Dado que neste número propuxémonos dedicar especial atención ao Jazz, quixemos entrevistar a dúas persoas que o aman. Ámano de diferentes maneiras pero cremos, e por iso están aquí, que o aman por igual. Unha delas é unha persoa que se dedica profesionalmente ao mundo da música mentres que a outra combínaa co mundo laboral. É precisamente que nesta entrevista unha das cousas que pretendemos é romper coa idea de que dedicarse profesionalmente a algo outorga certo nivel de superioridade. Imos, que “os profesionais están noutra liga”. Isto sucede porque na nosa mente igualamos profesionalidade a calidade do resultado obtido. É evidente que cando dicimos que unha persoa dedícase profesionalmente a un determinado labor estamos a indicar dúas cousas: unha que o seu principal ou única fonte de ingresos vén dese traballo e por tanto tan só con iso xa se pode gañar a vida, e dúas; que dispón de moito tempo para dedicalo a esas tarefas. Con todo, a vida non é simple aritmética. A vida son matemáticas superiores e persoas como Valentín, un dos nosos entrevistados, despois de pasar unha noite

enteira traballando é capaz de ir a un ensaio de tres horas e/ou pegarse entre peito e costas un concerto no cal co seu saxofón talvez nos deleite con algún dos solos que tanto nos gustan. Persoas como Miro Lamas, quen imparte clases de música nun centro profesional, é capaz de sacar tempo, á parte dos concertos e actuacións ás que asiste, para compondor fermosos temas de Jazz. Algúns o poderían chamar esforzo, outros constancia, outros sacrificio...; nós engadimos a esas palabras o termo *amor* pois nos parece que sen el nin Miro nin Valentín poderían dar ese plus, feito ao que nos teñen, talvez, mal afeitos. E dicimos mal afeitos pois esperamos que estas liñas sexan para os demais, os que gozamos coa súa arte, unha inspiración que nos ilumine sobre o feito de que, independentemente de dedicarnos profesionalmente ou non a algo, si que todos nós, cada un no noso campo, podemos *marcar a diferenza*.

Así que agora si, saudamos a ambos e comezamos a entrevista.

**NOSSOMOS:** Miro, como descubriches o Jazz e que significa para ti?

**MIRO LAMAS:** Pois eu descubrín o Jazz ós 16 anos, grazas a un compañeiro que un día chegou cun cassette coa grabación da *United States Air Force Big Band*, a música que estaba escoitando chamoume moito a atención, xa que nunca escoitara o Jazz. A partir dese momento foi cando empecei a interesarme polo Jazz, comezando a investigar e a buscar gravacións e métodos sobre o Jazz.

Para min este estilo de música significa sentimento e liberdade, sentimento por todo o que che pode chegar a transmitir unha peza de Jazz, e liberdade sobre todo cando tes o momento de improvisar, porque podes construír melodías ó momento, intentando transmitir sentimentos ó público que che está escoitando.

**NOSSOMOS:** Mesma pregunta para Valentín; como o descubriches e que significa para ti?

**VALENTÍN:** O Jazz descubríno bastante cedo, sobre deceseis anos ou así. Xa daquela estaba na banda infantil. Sempre tiveron o interese por estas músicas que me gustaban e como vía que co saxo se poderían facer outras cousas máis que tocar música de banda e daquela na tele poñían o programa *Jazz entre Amigos*. Eu non era que fora asiduo porque eran a primeira e a segunda e vías a tele donde querían os teus pais pero bo, Jazz entre Amigos axudoume moito a descubri-lo e a partir de ahí sempre me gustou. De feito un dos motivos polos que eu non abandonei o estudo do clásico foi porque aunque me reventaban a estudar clásico sin que me chamara e a min o que me gustaba era o Jazz, daquela aquí as cousas estaban como estaban, falamos de hai cuarenta anos e era moi complicado.

Entón, pois máis ou menos así o descubrín. Máis que nada Jazz entre Amigos, algo que se perdeu por desgraza para sempre, pero bueno.

**NOSSOMOS:** Valentín, es un obreiro, como pode un obreiro combinar a música e o traballo?

**VALENTÍN:** Pódese compaxinar pero é un esforzo que fas a pesar do cansancio dunha xornada laboral. Fas o que tes que facer para vivir e cando acabas, fas o que che gusta.

**NOSSOMOS:** Miro, Es unha persoa dedicada profesionalmente ao mundo da música. Que dirías a esas outras persoas que comezan a iniciarse na música pero que lles veñen dúbidas ao redor de se poderán avanzar por non dedicarse profesionalmente a ela?

**MIRO LAMAS:** Pois poderíalle dicir que o importante na música é comenza-la a estudala e probar, aínda que ó mellor non te dediques profesionalmente a ela. Un músico sempre segue aprendendo e segue avanzando. Creo que o importante é nunca deixala de lado, e da igual coa formación que poidas tocar ou o estilo que poidas interpretar, sempre vas atopando novos retos e novas motivacións para seguir. Moita xente non se dedica profesionalmente á música, pero podo dicir que esa xente aínda que non sexan profesionais teñen un alto nivel musical.

**NOSSOMOS:** Valentín, pensas que existe unha separación entre a música chamada clásica e a música chamada moderna como podería, entre outros estilos, ser o Jazz? Existe ou podería establecerse unha ponte entre estes estilos musicais?

**VALENTÍN:** Home, cada estilo é un mundo e sempre hai unha separación aínda que podes

fusionar calquera estilo. O Jazz casi combina con todo. Eu acórdome hai anos cando fora ademáis unha cousa curiosa porque eu lle comentaba a un tipo que me gustaría fusionar jazz con música galega de raíz e os tipos case se rían. Ata que anos despois vexo un día un vídeo da Orquesta Galega de Jazz facendo o que eu dixera hai moitos anos cando casi se rían. Vamos, mandeille o vídeo inmediatamente. E dixen, “ves cómo é posible?”. Entón en principio si; pode haber unha separación pero a música é música. Entón, que se pode fusionar todo? Si, o que pasa é que algunhas fusionés funcionan mellor que outras, nin máis nin menos.

**NOSSOMOS:** Miro, xa que es unha persoa creativa, como describirías o proceso de creación musical? Como compós os teus temas?

**MIRO LAMAS:** O proceso de creación é bastante duro, laborioso e satisfactorio. Precísase sobre todo de moito tempo para poder plasmar as ideas na música, case sempre é un proceso lento onde por momentos necesitas corrixir cousas que xa tes feitas e buscar o que realmente estás intentando compoñer.

Persoalmente sempre intento buscar ou imaxinar algo que teña algún significado para min, algo parecido a cando fas unha película ou escribes un libro. Intento visualizar a historia á que lle quero compoñer a música. Despois comezo facendo unha pequena guía onde poño a introducción, melodía e as partes que vai ter a peza. Despois vou desenrolando a idea ata que consigo compoñer o que dende o principio tiña na miña mente.

**NOSSOMOS:** Valentín Que significado e/ou importancia pensas que ten un espazo de formación e práctica musical como é o curso de Big Band que a Escola de Música de Rianxo imparte no verán?

**VALENTÍN:** Sempre é moi interesante, o que pasa é que a pena da Big Band é que non se prolongue no tempo. Que simplemente se fagan oito ensaios en dous meses para facer un bolo. O ideal da Big Band sería que tivera continuidade, entón a parte de que soaría moito mellor sería interesantísimo pero é moi difícil porque a parte de cadrar a todo o mundo para os ensaios e así é moi complicado. Importancia moitísima. Pero bueno, se non se pode non se pode.

**NOSSOMOS:** Miro, continuando co tema da formación quixeramos coñecer onde impartiches clases e que poden eses centros aportar á formación do alumnado.

**MIRO LAMAS:** A día de hoxe imparto clases de Trombón e Armonía no Conservatorio do Colexio Obradoiro (A Coruña), de Trombón moderno na Escola de Música de Rianxo e en Estudio, Centro Profesional de Música Moderna (Santiago de Compostela), e tamén na Escola Municipal de Música de Oleiros. Nestas escolas a finalidade é formar ós alumnos e alumnas, intentando sempre sacar o mellor deles, tanto musical como creativamente. Nestas escolas unha vez alcanzados uns mínimos requiridos poden participar e seguir formándose en diferentes agrupacións, como por exemplo na banda de música, na big band ou en combos onde poderán demostrar os seus coñecementos e poder poñer en valor o traballo en equipo.

**NOSSOMOS:** Valentín, que perspectivas de crecemento ves ao Jazz no noso pobo de Rianxo?

**VALENTÍN:** A ver, desde logo hai máis jazz que antes. Agora veñen chavales como Bernal detrás que se formou en Oporto e está facendo cosas moi boas. Perspectiva de crecemento en Rianxo sempre hai pero tampouco é que sexan unha locura. Vería perspectivas máis grandes se a Big Band se puidera manter no tempo.

**NOSSOMOS:** Mesma pregunta para Miro.

**MIRO LAMAS:** Pois dende o meu punto de vista, no noso concello temos moitos e moi bos músicos, pouco a pouco vemos que se estan interesando polo Jazz, estudando e participando en formacións.

**NOSSOMOS:** Miro, Que persoas ou grupos de Jazz Fusión de Galicia pero de fóra de Rianxo nos recomendarías hoxe para coñecer e escoitar?

**MIRO LAMAS:** Poderíamos falar de moita xente e moitos grupos, xa que en Galicia temos moi bos músicos formados dentro da música do Jazz. Por citar algúns, Alfonso Calvo Septet, Pablo Castaño, Marcos Pin, Sumrrá... Calquera grupo de Jazz que se forme en Galicia é digno de coñecer e escoitar.

**NOSSOMOS:** Mesma pregunta para Valentín.

**VALENTÍN:** Grupos de Galiza de fóra de Rianxo non coñezo moitos. Eu escoito outras cousas. Coñezo músicos galegos pero grupos de Jazz Fusión como tal non. E a

parte, ata dudo que haxa moitos porque é moi complicado do que estamos falando. É facer cadrar a moita xente. Cada un ten os seus propios proxectos e facer un grupo de Jazz Fusion que funcione é moi complicado porque a xente ten que comer e o Jazz non da para comer por desgraza. Se lle da para comer daralle a un cada mil por poñer un porcentaxe. Agora mesmo estou escoitando grupos de fóra. Sigo escoitando Jazz Clásico pero hai unha xente como *Snarky Puppy*, *Gordon Goodwin's Big Fat Band*, *Chad Lefkowitz* o *Kenny Garrett*; grupazos que sonan que son una locura. Hay xente moi xoven.

**NOSSOMOS:** Para Miro e para Valentín, isto non é unha pregunta senón un espazo en branco onde podedes expresar libremente o que consideredes.

**MIRO LAMAS:** Xa para rematar gustaríame animar a todas aquelas persoas que estén dubidando en estudar música que se animen, que proben e disfruten do mundo da música, verán que van enriquecerse moito con ela, e sobre todo a seguir coidando e creando cultura.

**VALENTÍN:** Eu o Jazz, gústame. O que pasa é que o meu traballo permítame ás veces estar estudiando, ás veces non, entón é complicado. Pero bueno, arreglo como podo.

**A**gradecemos a Valentín e a Miro esta moi interesante entrevista onde podemos ver dúas aproximacións á práctica musical, que aínda que parten desde situacións laborais diferentes, ambas converxen no amor pola música e concretamente polo Jazz. Ambas se



enriquecen e como mostra diso permitíremonos parafrasearlos unindo as súas propias conclusións; *animamos a todas aquelas persoas que proben e disfruten do mundo da música, verán que van enriquecerse moito con ela, e, sobre todo, a seguir coidando e creando cultura. E non importa que non te dediques profesionalmente a ela; fas o que tes que facer para vivir e cando acabas, fas o que che gusta.*



Valentín Rial, na foto situado na primeira fila.



Miro Lamas, ao centro da fotografía.

*Comprendendo o noso pasado traballamos o presente para construír un mundo mellor*

# Concerto Sentido

Big Band da EMR 2022 - 2023, un formato que fai de Rianxo un dos portos no que recalar en Agosto.

## Redacción

Desde hai dous anos, a Escola de Música de Rianxo puxo en marcha un proxecto moi interesante grazas ao cal, e durante dous meses, os estudantes de música que o desexen poden participar nun curso taller sobre Jazz. Contando coa dirección de Alfredo Susavila e nesta última edición ademais tamén coa colaboración de Bernal Muíños, estes cursos culminan cunha presentación pública durante as Noites de Jazz estivais, situando ao noso pobo de Rianxo en posicións de referencia á hora de elixir durante os veráns a que lugares asistir para gozar da mellor música.



EMR Big Band 2022. *Funky Cha-Cha*. Arturo Sandoval. Alfredo Susavila Conductor & Arranger

Partindo de Herbie Hancock, a Louis Armstrong, pasando por Chick Corea, Joe Zawinul, Sammy Nestico, Arturo Sandoval, Phil Collins, e tantos e tantos outros, preséntanos un repertorio musical jazzístico moi rico e variado.



EMR Big Band 2022. *Cantaloupe Island*. Herbie Hancock. Alfredo Susavila Conductor & Arranger



EMR Big Band 2022. *Mercy, Mercy, Mercy*. Joe Zawinul. Alfredo Susavila Conductor & Arranger

Inclúense obras de estilos como funky, blues, latin jazz, gospel... e o mellor de todo, executadas polos mesmos alumnos do curso.

Un gran ambiente de compañeirismo e de crecemento conxunto e claro, cando se pasa ben.... Pois se contaxia!



EMR Big Band 2022. *Against all Odds*. Phil Collins. Alfredo Susavila Conductor & Arranger



EMR Big Band 2022. *Watermelon Man*. Herbie Hancock. Alfredo Susavila Conductor & Arranger

Con todo, non poderíamos deixar de citar a achega dalgúns dos nosos jazzistas locais, que participaron ofrecendo composicións propias como foron Miro Lamas, co seu tema Chequea e Bernal Muíños co seu Arghaso.



EMR Big Band 2022. *Basie Straight Ahead*. Sammy Nestico. Alfredo Susavila Conductor & Arranger



EMR Big Band 2022. *Chequea*. Miro Lamas. Alfredo Susavila Conductor



EMR Big Band 2022. *Spain*. Chick Corea. Alfredo Susavila Conductor & Arranger

**N**on queremos despedirnos sen facernos eco do que tantas e tantas persoas nos fixeron chegar; a importancia de continuar no tempo e, se fose tamén posible, durante todo o curso, este gran proxecto, que non é outro, que a Big Band da Escola de Música de Rianxo.

E con este tema, tan rítmica e melódicamente pegadizo; un auténtico himno que nos convida a camiñar xuntos cara a adiante, terminamos o artigo e esperamos que este servise ao disfrute e posta en valor dos esforzos feitos pola Escola de Música de Rianxo por promocionar a música moderna e por romper as barreiras e as concepcións que nos limitan, entre o clásico e o moderno. Por proxectar a música chamada vulgarmente clásica, cara ao futuro e enriquecer o presente coas músicas que desde todos os recunchos, desde todas as culturas do planeta, asolagan os nosos sentidos.



EMR Big Band 2022. When the Saints Go Marching In. Louis Armstrong.  
Alfredo Susavila Conductor & Arranger

# E Logo Ti?

**Coñecendo mellor a aquelas persoas que, por mor da veciñanza e cotidianidade, non as chegamos nunca a valorar no que**

**valen... ata agora.**

Hoxe comparte con

nos...

*Alfredo Susavila.*

*Redacción*

**A** persoa que nesta ocasión traemos á sección *E logo ti?* xa participou no número cero da nosa revista e con todo, dado o enfoque que este número tres ten, dixémonos que estabamos ante unha boa ocasión para profundar cunha das persoas que máis traballa neste terreo no noso municipio a máis de resaltar outros aspectos máis intimistas e persoais propios desta sección. Hoxe, Alfredo Susavila Muñiz, quen naceu en Lestrove o ano 1976 e vive actualmente en Rianxo, comparte connosco...



**NOSSOMOS:** Como descubriches o mundo da música, que foi o que che atraeu e como foi o teu proceso de aprendizaxe?

**Alfredo Susavila:** É un reto dicir con certeza como xurdiu o meu interese, pero os meus primeiros recordos remóntanse a ver ao meu pai tocar a harmónica, e por outro lado tiven a sorte de que o meu irmán adquirise unha cadea musical e tivese varios discos de vinilos con moi boa música. A través deste agasallo do destino, atopeime inmerso no ambiente desta paixón de escoitar música. Un dos meus recordos máis memorables foi cando escoitei por primeira vez un disco de jazz (*Return to Forever - Light as a Feather* de Chick Corea). Ao principio, tardei en aclimatarme ao seu son, pero pronto se converteu no disco que máis frecuentaba. Porén, o que realmente me atraeu das ganas de comezar a tocar foi a experiencia de ver varios concertos en directo e na televisión, emitidos na canle 2, e en particular, o programa *Jazz entre amigos*. Esta experiencia chamou a miña atención por completo.

Respecto dos meus primeiros pasos na aprendizaxe musical, aos catorce anos, manifestei aos meus pais o meu desexo de dedicarme á música, especialmente ao piano. Atopar un profesor era un reto, xa que daquela non había escolas de música como as que hai hoxe. Empecei con clases particulares dun músico dunha orquestra. Un ano despois, fixen a proba de acceso ao conservatorio de Santiago. Mentres estudaba música clásica no conservatorio e remataba o bacharelato, descubrín un centro de formación musical moderna coñecido como Estudio. Este descubrimento transformou por completo a miña paixón pola música moderna e o jazz. Daquela era un dos poucos lugares onde se podía afondar nestes estilos, o que propiciou o encontro de numerosos músicos con intereses similares. Alí compartín momentos excepcionais durante as clases e jam sessions. Despois de rematar o bacharelato, o grao medio de piano e obter o meu título profesional no Estudio,

según participando durante un tempo en cursos e seminarios de jazz, e collendo experiencia en concertos e estudos de grabación, combinando co traballo da orquestra e as clases. Foi nese momento cando xurdiu a oportunidade de cursar estudos superiores de Jazz na Coruña, optando por formar parte da primeira promoción.

**NOSSOMOS:** Que persoas te acompañaron neste camiño e de que xeito influíron e axudaron?

**Alfredo Susavila:** As persoas que marcaron a miña traxectoria foron numerosas, pero destaca sobre todo o apoio incondicional dos meus pais, que apoiaron o meu camiño aínda que daquela a música non se consideraba unha opción profesional viable. Por outra banda, a sorte estivo da miña parte xa que tiña un amigo e veciño que era como meu irmán. Exerceu unha das influencias máis significativas. Estudiaba o saxofón e quedabamos para tocar, escoitar música, ir a concertos, compartir seminarios, participar en combos e explorar diferentes aspectos da vida musical. A persoa que me refiro é Pablo Castaño, un referente no panorama jazzístico galego actual. Posteriormente, outra peza fundamental no meu camiño, ata hoxe, foi Silvia Ferre, a miña compañeira de vida. Ela entendeu a miña paixón pola música e o tempo que leva dedicarme a esta profesión, brindándome un apoio inestimable durante toda esta viaxe.

**NOSSOMOS:** Que cousas botaches en falta no teu proceso de aprendizaxe e que cousas pensas que tanto o resto de nós como as institucións podemos facer para axudar a aquelas persoas que hoxe queren crecer a modiño?

**Alfredo susavila:** No meu proceso de aprendizaxe o que botei realmente en falta dende o principio e naquel momento era a dificultade que había de poder estudar outros

estilos modernos a nivel profesional, e sobretudo non poder conseguir a titulación homologada, por eso tiven que combinalo co conservatorio.

No que atinxe ás institucións académicas, é fundamental que se acheguen á realidade profesional do músico. Por esta necesidade, deberían seguir implantando, a nivel curricular e nos seus decretos, o ensino da música moderna en todos os instrumentos e poder adquirir a titulación correspondente. Os estudantes demandan esta inclusión e deberían ter a opción de escoller o seu camiño dentro da súa formación musical. É fundamental adaptarse ás preferencias e necesidades do alumnado, dándolle a oportunidade de explorar e especializarse en distintos estilos musicais.

**NOSSOMOS:** Din que aprendemos moito máis dos erros que dos éxitos e por iso gustaríanos que compartises connosco un erro, só un, que influíu en ti positivamente para o teu futuro desenvolvemento.

**Alfredo Susavila:** Despois de terminar o bacharelato vinme obrigado a compaxinar o estudo co traballo, polo que sempre pensei que isto foi un erro na miña vida como músico non poder estudar a tempo completo. No meu caso, este traballo desenvolveuse nas orquestras, e pasou dun erro a unha experiencia enriquecedora que me deu unha aprendizaxe inestimable. Tocando unha gran variedade de estilos como teclista, amplíei as miñas habilidades no mundo dos teclados e desenvolvín habilidades para escribir arranxos musicais. Hoxe, a miña perspectiva cambiou. Recoñezo que a vida na rúa proporciona un tipo de aprendizaxe que non se adquire en ningunha institución académica ou conservatorio. Ter que traballar para pagar os meus estudos e poder seguir avanzando deulle a esta experiencia un valor diferente na miña vida. Combinar a formación musical formal con leccións prácticas da vida cotiá foi esencial para min. Aprendín a valorar a importancia da autoxestión e da dedicación a través desta dualidade, que

enriqueceu o meu achegamento á música e á vida en xeral.

**NOSSOMOS:** Cales son os proxectos máis importantes da túa vida profesional e cales deles máis che cumpriron (quizais non coinciden, ou si...)?

**Alfredo Susavila:** En cada proxecto no que me involucro, busco que represente un reto e me proporcione novas emocións na miña carreira tanto como pianista ou como arranxista. Tiven a sorte de formar parte de proxectos sumamente enriquecedores a nivel profesional, traballando como compositor, arranxista ou pianista en contextos moi variados, desde concertos ata gravacións, dende pequenos a grandes formatos. Entre as miñas experiencias, teño participado en programas de televisión como *A tarde é nosa* (Tvg-2003), *Entre Horas* (Tvg-2004), *Volver ó rego* (Tvg-2006), e *Land Rober* (Tvg -2009-11) acompañando a numerosos artistas en directo, así como proxectos de gran envergadura, exercendo de director musical e pianista na xira do *Pop Festival 1980* (2012-2022). Durante esta xira tiven o privilexio de acompañar a diversos artistas como Miguel Ríos, Nacho García Vega, Mikel Erentxun, Loquillo, Carlos Segarra, Alejo Stivel, Javier Gurruchaga, Vicky Larráz, Johnny Burning, Javier Ojeda, Rafa Sánchez, Ana Torroja, Manuel España, Marta Sánchez, entre outros.



Ademais, fun membro de diversos grupos con xiras e gravacións, como con Roi Casal. Unha experiencia gratificante foi a creación de arranxos sinfónicos para a banda da escola de música de Rianxo, que incluíu a gravación do disco *Unha noite de amor con Lela*, seguida da escritura da *Verbena Sinfónica* na Guadalupe 2023. Estes e outros proxectos foron significativos na miña carreira profesional na música, cada un deles me aportou satisfaccións diferentes. Non podería destacar un en concreto, xa que todos deixaron a súa pegada na miña carreira. Quizais o que máis me emociona é cando interpreto a miña propia música co meu trío de jazz ou outras formación deste estilo que é a miña paixón. Recordo de tocar no festival de Jazz de Pontevedra sendo telonero de Joe Zawinul eso foi unha emoción inigualable así como a satisfacción de ser integrante dun quinteto de fusión como foi o de Carlos Barruso coa gravación dun disco, e as experiencias de cada concerto. Ademais, outro proxecto que considero de gran importancia, en liña con outra faceta vital na miña carreira profesional, que é a docencia, é a creación do meu propio método de piano moderno. Este enfoque educativo é parte

fundamental da miña contribución ao mundo da música.

**NOSSOMOS:** En que proxectos presentes e/ou futuros te centras e cal é o que máis che ilusiona?

**Alfredo Susavila:** Un proxecto que seguirei con ilusión é a miña labor docente, sobre todo á hora de desenvolver o meu propio enfoque educativo, e ver o resultado nos meus alumnos é unha satisfacción moi grande. Seguirei desfrutando da música co meu trío de Jazz e acompañando a outros artistas, en directo e estudos de gravación, o que me dá unha gran satisfacción tanto na interpretación como na composición musical. Estou aberto ao que me depara o futuro nestas áreas.

**NOSSOMOS:** Pregunta en branco... Cóntanos o que queiras.

**Alfredo Susavila:** Agradezo moito a todos os lectores de *Nossomos* e, especialmente, aos que colaboran nesta publicación. A todos os pais



*Comprendendo o noso pasado traballamos o presente para construír un mundo mellor*




que lean este artigo, anímovos a apoiar plenamente aos vosos fillos no seu camiño e na procura das súas paixóns. Unha ff aperta.

**D**esde a redacción desta revista queremos agradecer a Alfredo Susavila non soamente o tempo dedicado a esta entrevista senón tamén a súa disposición para axudar e a aclarar aquelas dúbidas musicais que se nos presentaron ao longo dos diferentes números publicados. Doutra banda, queremos resaltar, subliñar brevemente, outros aspectos, moi importantes do seu traballo para o pobo de Rianxo como foron as dúas edicións dos concertos da *Big Band* da Escola de Música de Rianxo nestes dous últimos anos e o inmenso traballo realizado para a *Verbena Sinfónica* este último ano. *Verbena Sinfónica* que foi dividida en dúas partes e que fixo as delicias do numeroso público congregado. Queremos resaltar o feito de que tanto a *Big Band* como a *Verbena Sinfónica*, calaron moi fondo neste pobo e non son poucas as voces (tanto de Rianxo como doutras poboacións) que a miúdo nos falan de que son algo que debería continuarse. “Mellor que a *Panorama*” nos dicía unha persoa en Valga, e con esa curta e sinxela frase cremos que se resume o sentir de tanta e tanta xente que xa vén á nosa localidade expresamente para asistir a tales eventos. Pero se habemos de rematar esta pequena entrevista non queremos deixar apartada a importantísima labor que Alfredo exerce na EMR (hoxe en compañía de Tano Dominguez, bo amigo seu e noso), sendo a sección de piano a que máis alumnos achega á escola, o cal, unido ao feito de que o piano non é precisamente

un instrumento fácil, fala máis que ben do seu labor. Aínda que fraco favor fariamos se soamente falásemos do seu labor educativo en Rianxo pois, a máis do seu traballo en Estudo (Centro Profesional de Música Moderna), é o creador dun método de piano que foi todo en éxito tanto a nivel de logros obtidos na progresión musical dos seus alumnos como de vendas e polo que, abusando da súa paciencia, emprazámolo para outra entrevista no futuro, *expresamente*, para tratar sobre este tema.

Pero desgraciadamente habemos de culminar e farémolo recomendando a audición dos discos (os de Roi Casal e Carmen Dor tamén dispoñibles en *Apple Music*) en que a persoa que hoxe nos acompañou participou e que son os seguintes:

- \* *Unha noite de amor con Lela*, Banda da escola música de Rianxo (2017).
- \* Roi Casal, *Donos do noso destino* (2014).
- \* Roi Casal, *Maxicamente Vello* (2010).
- \* Roi Casal, *Lendas Douradas* (2009).
- \* Carlos Barruso Quinteto, *1 de marzo* (2010).
- \* Carmen Dor, *Dora Maar 74* - Audia records (2006).



Barrelhouse Blues, Tim Richards. Arranxos & Solo, Alfredo Susavila. Piano, Nereida Pérez.

# Non estaba no teu Libro pero...

Aziza Mustafa Zadeh (*Əzizə Mustafazadə - Jazziza*).

Jesús Pérez

**D**ecididamente, falar da persoa que nesta ocasión traemos á sección, é falar de *raíces*, de raíces ben suxeitas á súa terra azerbaiyana á vez que se lanzan ao futuro a lombos dunha increíblemente fermosa música de vangarda. Raíces azeríes (termo tan válido para a lingua da zona como para designar aos seus poboadores) con sabor a jazz do bo. Raíces que parten da súa avoa *Zivar Khanim*, do seu pai *Vagif Mustafazade* (1940-1979), da música occidental, tanto a clásica como o Jazz máis ortodoxo e da tradición do seu pobo, especificamente o seu querido *Mugham* (estilo propio azerbaiyano que é unha forma de improvisación musical modal). Falamos de *Aziza Mustafa Zadeh*, a cal conta cun rico repertorio musical e unhas composicións que, a todas as persoas amantes da música en xeral e en particular a aquelas que aman o Jazz, fará felices.

Antes de describir brevemente algunhas das súas obras, teño que dicir que o sobrenome *Jazziza* é un apelativo cariñoso que o seu pai púxolle de pequena, un xogo de palabras con Jazz e Aziza. Vagif foi o

creador do *Jazz Mugham* alá polos anos 60 do pasado século sendo unha mestura do Jazz clásico co estilo Mugham e precisamente este estilo é o que Jazziza levou a un nivel moi alto. Como nomeei xa anteriormente o Mugham e unha improvisación musical modal, e a fin de poder obter unha imaxe precisa do que iso significa, e tendo en conta que é un tema tan interesante como amplo, pedimos axuda a alguén que pode dárnola na forma máis sintéticamente posible pero sen renunciar ao contido que sen dúbida será útil para moitos dos nosos lectores que aman e estudan a música. Así que nós calámonos e deixamos que sexa Alfredo Susavila quen nolo explique:

## Jazz Modal

O jazz modal é un estilo de jazz que xurdiu a finais da década de 1950 e principios dos 60, caracterizado polo uso de modos musicais como base para a improvisación e a composición. Este estilo é frecuentemente asociado con destacados músicos de jazz como Miles Davis, John Coltrane e Bill Evans. O jazz modal representa un afastamento das progresións de acordes máis complexas e dos rápidos cambios harmónicos dos estilos de jazz anteriores, como o bebop. As principais características do jazz modal inclúen escalas modais, en lugar de depender das progresións de acordes tradicionais e dos cambios II-V-I

que se atopan no bebop e nos estilos de jazz anteriores.

A harmonía modal difire da harmonía tonal en que non utiliza as funcións tonais derivadas da presenza e resolución do tritono nunha relación SD-D-T. O establecemento dun modo como centro "tonal" vén dado por unha relación de "tono" carente de progresión tonal- harmónica entre os seus acordes.

Os músicos usan unha única escala, ou modo, como base harmónica durante un período prolongado, permitindo moitas veces máis liberdade e exploración na improvisación.

Sinxeleza: o jazz modal adoita ter unha estrutura harmónica máis sinxela en comparación con outros subxéneros de jazz. As composicións modais normalmente teñen menos acordes e menos cambios de acordes, o que proporciona máis espazo para a improvisación.

Vamps modais longos: as cancións de jazz modais adoitan presentar vamps estendidos (patróns de acordes repetidos) ou ostinatos (patróns rítmicos e melódicos repetidos) que permiten aos músicos explorar a escala modal durante un período prolongado. Na improvisación o enfoque modal anima aos improvisadores a crear melodías e liñas que enfatizan as características do modo específico que se está a utilizar, así como a explorar a interacción de intervalos e harmonías dentro dese modo.

Os álbums e composicións de jazz modal notables inclúen: "Kind of Blue" de Miles Davis, que quizais sexa o álbum de jazz modal máis famoso e influente. "My Favorite Things" de John Coltrane, baseada na canción principal que presenta unha interpretación modal da canción clásica de Rodgers e Hammerstein. "Peace Piece" de Bill Evans, unha composición de piano modal tranquila e minimalista. O jazz modal abriu novas vías para a improvisación e influíu en outros subxéneros do jazz. Segue a ser un estilo importante e distintivo no mundo do jazz, apreciado pola súa sinxeleza harmónica e a liberdade creativa que ofrece aos músicos, que adoptou moitas fusions coas músicas tradicionais de cada país.

### Jazz de Azerbaiyán (Aziza)

O jazz en Azerbaiyán representa unha interesante fusión de tradicións musicais, unha combinación que non só conserva a esencia do jazz, senón que tamén destaca a identidade musical única do país. Esta fusión de elementos culturais locais e a linguaxe musical do jazz occidental dá lugar a unha escena de jazz vibrante e distintiva en Azerbaiyán.

Unha das principais características da música de Azerbaiyán, e a mestura do jazz modal aplicado sobre o sistema Mugham un complexo sistema musical que inclúe tanto a música como o canto, cunha rica historia cultural. Caracterízase pola súa profunda expresión emocional e a súa capacidade para evocar unha ampla gama de sentimentos nos oíntes. Algunhas características importantes do Mugham son: Modos musicais: como no jazz modal, o Mugham baséase en modos musicais específicos, chamados "modos mugham" ou "escalas mugham". Estes modos utilízanse como base para a improvisación, permitindo aos intérpretes explorar e expresar unha variedade de emocións dentro dun marco melódico particular.

Estes modos musicais no sistema Mugham chámanse por nomes individuais e teñen características únicas en canto a intervalos, patróns melódicos e emocións que evocan.

En canto á obra discográfica de Aziza, quero recomendar ao lector en primeiro lugar e como primeira toma de contacto, o seu último traballo; o disco *Generations* publicado en 2020 por *Jazziza Records* tras 18 anos desde a aparición do seu último disco. Retomando, reinterpretando e enriquecendo catro temas do seu pai, catro temas dela mesma e catro temas inspirados por, e escritos xunto a, o seu fillo; entrelázanse tres xeracións. Aquí atoparemos unha obra redonda na que, desenvolvendo os diferentes estilos que ao

longo da súa carreira balizaron o seu repertorio musical pon á nosa disposición un traballo no cal os engarces entre a música clásica, as raíces musicais propias e doutros países, por exemplo España e, por suposto, o jazz, son tan finos que se nos aparecen como o máis natural e homoxéneo do mundo. De destacar algo, misión practicamente imposible pois subliñaría todas as pezas que compoñen a obra, hoxe apetécame citar o *Concerto nº2*, sen deixar de facer referencia tampouco á fermosísima canción de berce *Lullaby*.

Salto cara a 2002 para mencionar o disco *Shamans*, publicado baixo o selo *Decca* que contén o seu homónimo *Shamans*. Os nove minutos e pico que dura fanse demasiado curtos sendo, sen dúbida, un dos temas que deben ser escoitados *antes de sequera falar de jazz*. Un auténtico *must listen*. No mesmo disco recomendo o sentido e emotivamente intimista *Ladies of Azerbaiyan*, e rebuldando maxistralmente coa música clásica *Bach-Zadeh*, *Portrait of Chopin* ou *M25*. Destacar tamén os apaixonados *Ayrilik* ou *Fire Worship*.

*Dance of Fire*, dando nome a outro dos seus traballos discográficos en 1995 (*Columbia*), tráenos á mente un paseo polos patios andaluces, patios de influencia árabe con pinceladas de leda morriña á vez que tintado en tons orientais. Destacar na mesma obra *Carnival*, *Passion* e *Spanish Picture* formando un fermoso cadro salpicado de alegría e vitalidade grazas a un pincel que se move ao son da guitarra española e a fantástica voz de Jazziza. E non me quero despedir deste disco sen mencionar o emotivo *Father*. Eu,

desculparame o lector, é que podería seguir e seguir pero o espazo é limitado e realmente quero que as persoas que nos len abran *esta porta* e sexan elas quen descubra *persoalmente* a quen hoxe trouxemos á sección. Así que vou acelerar un pouco e citarei por encima a súa discografía.

*Allways*, 1993, traballo editado por *Columbia*, e disco caracterizado polo predominio dos tons pastel cun áxil piano que destaca sobre unha elegante combinación de baixo e percusión. Entrará en *Crying Earth* en tons dramáticos introducíndonos nun increíble disco onde a primeira advertencia de que non nos fiemos do apastelado carreiro de baldosas amarelas chéganos con *A.J.D.* e o despregamento vocal que nel fai. Tampouco falta un jazz máis ortodoxo con temas tan delicados como *Vagif*.

*Aziza Mustafa Zadeh*, 1991 tamén para *Columbia* comeza co introspectivo e fermoso *Quiet Alone*. Destacar así mesmo *Inspiration*, onde nos regala outra das súas demostracións vocais, o relaxante *Blue Day*, a briosa *Character* e as exuberantemente melódicas *Aziza's Dream* e *Two Candles*.

*Seven Truth*, 1996 baixo o selo *Columbia*, o cal comeza cun fresco e alegre tema con fermosos ritmos orientais titulado *Ai Dilber* é un disco do que non falarei máis porque o subliñarí todo.

*Jazziza*, 1997, *Columbia*, é un disco dedicado a grandes *jazz standards*, reconstruídos ao estilo Aziza. Con títulos como *My Funny Valentine*, *Take Five*, *Scrapple from the Apple*, *Lover Man*,

*Nature Boy*... sumérxenos no mundo dos clásicos do jazz aderezados co intenso sabor Jazziza e onde, porque non o quero deixar pasar, citarei a fantástica versión que fai en *Black Orphaeus*.

Alguén me preguntou se esta sección “vai de mulleres”, se o obxectivo é visibilizar á muller e, para ser honestos, hei de dicir que non. Nunca foi ese o obxectivo desta sección senón o que na súa cabeceira reza: *Non estaba no teu libro pero...* e isto fai referencia a calquera persoa ou cousa que na miña opinión deba ser posta en valor e que, precisamente, fose ignorada xa sexa por ignorancia ou á mantenta. Creo, honestamente, que se crease unha sección para a muller, estaría a devaluar a aquelas que alí levase. Son máis do sentir de *Rebecca Clarke* e de *Clara Zetkin*, que se lle vai a facer. E si, foron dúas mulleres nos primeiros dous artigos, pero non estiveron aí polo seu sexo senón *polo seu valor. Polo valor da súa obra e o seu legado*. Hei de recoñecer que descubrín a Aziza Mustafa de pura casualidade. Realmente ninguén me falou dela, nin a atopei en ningún libro de texto; foi pura sorte. E é precisamente esta sorte, e o goce que tiven coa súa obra que por iso vola traio. Para que cada un escriba no seu libro interno o que non está nos outros libros e para que cada un poida compartir a obra desta gran persoa con cada outro.



*Can You Feel the Love Tonight*, Elton John. Arranxos, Alfredo Susavila. Piano, Nereida Pérez.

# VI Ciclo de Novos

## Intérpretes

O novo chama a porta.

### Redacción.

**X**a no número cero desta revista tratamos sobre o *Ciclo de Novos Intérpretes*. Esta vez queremos profundar aínda máis partindo da propia experiencia dalgunhas das persoas que participaron. A tales efectos preparamos unha serie de preguntas que son iguais para todos eles, salvo o específico do seu instrumento ou algunha determinada particularidade. O obxectivo é sinxelo; enriquecernos grazas a diversidade.

Comezamos a serie de entrevistas a novas promesas da música primeiramente lamentando non poder asistir á primeira presentación, do *Trío Ardora* por motivos alleos á nosa vontade. Pensamos que desde estas páxinas é o noso deber facer un chamamento para que aquelas persoas que aman a música e, por extensión, a arte en calquera das súas manifestacións, fagan o posible por asistir a un evento tan importante como é o Ciclo do que estamos a tratar. É evidente que nosas novas promesas musicais dedican un gran esforzo e paixón á hora de preparar cada unha destas presentacións. Realmente para nós o importante é a actitude de poñernos retos que nos fagan crecer, de dalo todo cando aínda estamos a crecer profesionalmente, de

atrevernos a percorrer contra corrente carreiros inexplorados e superarnos a nós mesmos. Si, para nós isto é moito máis importante que realizar unha presentación máis dun programa xa mastigado. Sendo conscientes de que os seres humanos, ás veces, preferimos pagar por unha actuación de alguén con fama pero sen alma a gozar gratis de alguén con corazón pero sen fama, permitímonos desde estas liñas facer de novo un chamamento á asistencia de todas aquelas persoas que poidan e amen, de verdade, a arte.

**A**nosa primeira persoa invitada é *Belén Carril*, quen, co seu fagote, realizou o pasado día quince de outubro na *Sala Arcos Moldes* do Auditorio de Rianxo en compañía da pianista *Natalia Méndez* unha actuación que nos encantou. Pasando duns temas máis sinxelos a uns máis complexos demostrou o dominio que ten do instrumento e, por iso, e polas ganas e paixón que despregou sobre o escenario ofrecémoslle a entrevista que amablemente aceptou. Por tanto, sen máis dilacións, comezamos...

**NOSSOMOS:** Belén, gustaríanos que te presentases ante as persoas que nos len. Quen es? Canto tempo levas na música?

**BELÉN CARRIL:** Chámome Belén e son fagotista. Levo tocando o fagot dende os 10 anos (agora teño 26). Rematei hai dous anos os meus estudos de grao superior en Vigo.

**NOSSOMOS:** Poderías explicar a quen nos le os temas que interpretaches e por que os escolliches?

**BELÉN CARRIL:** As pezas que interpretei son 4 e de diferentes estilos, dende o Barroco ata o século XX. A primeira foi un concerto de A. Vivaldi en mi menor, un dos concertos barrocos máis interpretados polos fagotistas; a segunda peza trátase dun concerto, desta volta de C. M. von Weber, de corte romántico; a terceira foi unha Sonatina de A. Tansman (do século XX), unha peza realmente complexa tecnicamente para o intérprete; e a derradeira unha obra curta pero festiva que reúne tres números: un Recitativo, unha Siciliana e un Rondó do compositor E. Bozza.

Realmente escollín estas obras por ser variadas, amenas, divertidas, interesantes, versátiles e das máis interpretadas polos fagotistas.

**NOSSOMOS:** Moita xente cando oe falar do saxofón, do piano, da trompeta, enseguida sitúan o seu papel nunha formación musical, enseguida pódese imaxinar algún só dalgún destes instrumentos, pero ti non tocas ningún deles, tocas o fagote. Podes falarnos deste instrumento? Algo da súa historia, algo do seu papel nunha formación musical e, sobre todo; que significa para ti?

**BELÉN CARRIL:** este instrumento é peculiar para moitas persoas aínda que pouco a pouco coñécese cada vez máis en Galicia.

Pouco a pouco ao longo dos anos foise incorporando dende o centro de Europa cara o noso país e actualmente é un instrumento que se toca máis frecuentemente.

A día de hoxe en moitas das bandas de música populares de Galicia hai rapaces tocando este instrumento como na Banda de Rianxo. Se por outra banda falamos de agrupacións profesionais como a Real Filharmonía de Galicia, existen fagotistas na súa plantilla, así como en calqueira formación destas características sexa orquestra ou banda profesional.

Para min o fagot é a miña vida e o meu mellor amigo. Gracias a él coñecín a moitas persoas xeniais, agrupacións incríbles, grandes mestres e lugares marabillosos. Puiden viaxar moito e disfrutar da música das mellores formas.

Actualmente toco varias veces con orquestras profesionais de reforzo como a Real Filharmonía de Galicia, do que me sinto moi orgullosa.

Aínda sigo estudando pouco a pouco e formándome con profesores porque nunca se deixa de aprender para seguir avanzando e progresando.

**NOSSOMOS:** Que repertorio de pezas e que persoas compuxeron ou se especializaron en composicións para este instrumento?

**BELÉN CARRIL:** para este instrumento existen pezas de varios compositores importantes como Vivaldi, Mozart, C. M. von Weber, A. Tansman, A. Jolivet, Hindemith ou E. Bozza.

A verdade é que o repertorio para este instrumento é bastante variado.

**NOSSOMOS:** Cal é a peza ou as pezas que máis desexarías interpretar co teu fagote?

**BELÉN CARRIL:** Das pezas que nunca toquei con este instrumento e que me encantaría é o concerto para fagot de André Jolivet. Un concerto bastante complexo pero que me encantaría tocar aínda que sería todo un reto.

**NOSSOMOS:** Como presentarías o fagote e que peza musical lle expoñerías a alguén que estea a elixir instrumento?

**BELÉN CARRIL:** en primeiro lugar ensinaría as partes do instrumento, as cañas e todos os elementos que usamos para tocar e a continuación faría unha pequena presentación de onde é posible tocar este instrumento, é dicir, en bandas de música, orquestras, agrupacións de jazz, grupos de cámara...

Logo tocaría algunhas pezas coñecidas e finalmente deixaría probar o instrumento aos rapaces.

As pezas musicais que escollería son diversas pero amenas e entretidas. Elixiría algunhas das pezas máis tocadas polos fagotistas como algún concerto de Vivaldi ou o de Mozart e logo algún arranxo de pezas ou incluso cancións coñecidas actuais.

**NOSSOMOS:** Que lle dirías, cal serían as túas primeiras palabras na túa primeira clase a alguén que elixise o fagote independentemente da súa idade?

**BELÉN CARRIL:** comentaríalle que este instrumento é moi versátil, que se pode tocar en moitas de sitios e que seguramente vai poder nun futuro coñecer a moitas persoas e disfrutar da música con boa xente. Un instrumento non é só estudar na casa e ir a ensaiar, se non tamén significa disfrutar deses momentos que nos regala a música.

Polo tanto, independentemente de que como músicos, temos que practicar co fagot para tocar o mellor posible, tamén é importante saborear cada momento.

**NOSSOMOS:** Cóntanos algunhas anécdotas que resaltarías, tanto individuais como en grupo que tiveches á hora da práctica musical co fagote.

**BELÉN CARRIL:** anécdotas hai varias, pero recordo algunhas ben fermosas. Unha delas foi

cando toquei neste ano 2023 de solista coa Real Filharmonía de Galicia. Recordo unha experiencia increíble. Nunca me imaxinei poder chegar a realizar esta actuación e para min foi algo do que nunca me esqueceréi.

A segunda cuestión que recordo é de cando era máis nova e estaba estudando en superior. A clase de fagot do conservatorio fóramos a tocar ao conservatorio de Torroso e, cando estaba a piques de comezar o concerto, non me sonaba a caña... resulta que tiña unha pelusa da caixa metida dentro dela.

Antes diso revisara a caña e non tiña nada... Cousas do directo!

**NOSSOMOS:** Cales son os teus proxectos de futuro no terreo artístico?

**BELÉN CARRIL:** Actualmente estou dando clases a rapaces e a tocar, como comentei, con agrupacións profesionais como a Real Filharmonía de Galicia e realizando proxectos con outros grupos.

Pouco a pouco quero seguir medrando como fagotista e poder continuar os meus estudos de máster o ano que vén fóra de España, se me xorde a oportunidade.

Ademais, estou preparando oposicións para unha praza de fagot na Banda de Música de Santiago de Compostela e estudando para probas de orquestra profesional en diversas cidades.

Realmente hai varios fronts abertos. Sempre é bo ter obxectivos en mente para ter claro que facer e poder perseguir unhas metas.

**NOSSOMOS:** Como adoitamos facer, este último espazo reservámolo para que poidas expresarte libremente ante os nosos lectores.

**BELÉN CARRIL:** quero expresar a miña grande gratitude por darme a oportunidade de expresarme e falar do meu instrumento, o fagot.

Un instrumento, para algúns, pouco



coñecido pero que conserva moitos anos de historia.

Quero comentar tamén un consello para calquera músico que esté en proceso de formación:

É fundamental perseguir os obxectivos persoais sen pausa pero sen prisa. A constancia e perseverancia son importantes para ter resultados. O talento é algo innato pero nada se consegue sen o traballo do día a día.

A seguinte persoa coa que imos falar, *Emma*, o pasado domingo vintenove de outubro na sala *Arcos Moldes* do Auditorio de Rianxo fixo a presentación xunto aos seus compañeiros *Félix Rodríguez* (bombardino) e *Roberto* (tuba); unha aposta moi potente sonoramente falando. Ademais interpretáronse temas de diversas complexidades e estilos polo que queremos felicitar aos tres intérpretes.

**NOSSOMOS:** Emma, gustaríanos que te presentases ante as persoas que nos len. Quen es? Canto tempo levas na música?

**EMMA GIMÉNEZ:** Ola! Moitas gracias por contar conmigo! Pois diría que son unha rapaza sonense que comezou neste mundo da música aos 5 anos e que quere abordar as máximas facetas dela.

**NOSSOMOS:** Poderías explicar a quen nos le os temas que interpretáchedes e por que os escollíchedes?

**EMMA GIMÉNEZ:** Claro! O que buscamos foi facer un concerto no cal pudésemos amosar as diferentes posibilidades dos nosos instrumentos. Para elo escollemos os duetos 1 e 2 de Benjamin Coy, pezas moi melódicas, claras e calmas.

En contraste empregamos os arranxos da fantasía no.2 de Georg Philipp Telemann e a sonata no.12 de Joseph B. Boismortier, ámbalas

dúas barrocas, sendo máis áxiles e diría cun carácter máis marcado. Esta sonata está escrita como un canon ao igual que a peza titulada "Duett" do compositor do "Rey Olaf", Edward Elgar, orixinal para trombón e contrabaixo.

Índonos a un estilo máis contemporáneo, *Double Portraits* é unha obra que, como explicou Félix no concerto, queérenos pintar musicalmente diferentes momentos do día de New York.

Pero sen duda o Valse do Demo foi a peza máis gustosa para min de estudar, xa que require un estudo máis profundo polas súas pasaxes virtuosísticas que a fan moi divertida aínda tendo ese ser máis grotesco. Steven Verhelst é un compositor/trombonista que está escribindo moito para metal grave, algo que agradecemos, xa empezamos a ter variedade de pezas orixinais para nós a conxunto ou solista como "On Your Own Now" para trombón baixo solo .

E o mellor para o final, pasamos do valse a un tango galego, un arranxo de Félix do movemento "O segredo" de "Retrincos" de David Fiuza, director da banda municipal de Santiago.

Como bis invitamos ao noso gran compañeiro e amigo Roberto, á tuba, para interpretar *Swing Low/Street Chariot/Bourbon Street Parade*, outro arranxo de Félix cunha temática relixiosa funeraria negra, como ben nos explicou, comeza cunha parte máis sentida de oración para logo ir ao dixie, a celebración da vida.

Con todo isto o que queremos facer ver é que os ventos metais graves podemos amosar moita variedade de caras, xogando con moitos tipos, estilos e roles tanto rítmico-acompañantes como melódicos.

**NOSSOMOS:** Moita xente cando oe falar do saxofón, do piano, da trompeta, enseguida sitúan o seu papel nunha formación musical, enseguida pódense imaxinar algún só dalgún destes instrumentos, pero ti non tocas ningún

deles, tocas o trombón. Podes falarnos deste instrumento? Algo da súa historia, algo do seu papel nunha formación musical e, sobre todo; que significa para ti?

**EMMA GIMÉNEZ:** Poderíamos estar largo e tendido falando do trombón, pero comecemos polo que é, un instrumento de vento metal.

Diferenciámonos nesta familia por ser os únicos que empregamos vara en vez de pistons/chaves, permitenos cambiar a lonxitude do tubo e, polo tanto, a altura do son.

A súa orixe é de instrumentos máis antigos, mais a versión moderna desenrolouse no século XV. Ao longo dos anos, utilizouse nunha variedade de xéneros musicais, desde a música clásica ata o jazz e música popular.

O trombón desempeña un papel fundamental en moitas formacións musicais, como orquestras sinfónicas, bigbands, bandas de música e grupos de música popular, xa que somos empregados de maneira armónica (acompañamento) ou melódica, como xa comentei anteriormente.

É facil falar das facetas deste instrumento, pero dicir que é para min é máis complexo. Éme imposible pensar na miña vida sen el. É un amor moi curioso o que creo que compartimos todos os instrumentistas pola musica, é como un xogo que non remata xamais!

**NOSSOMOS:** Cal é a peza ou as pezas que máis desexarías interpretar co teu trombón?

**EMMA GIMÉNEZ:** Teño moitas obras que me fai ilusión tocar, obras orquestais como mahler ou shostakovich, bandísticas como Trencadís de Miguel Angel Bervis e encantárame algunha opera ou zarzuela.

Pero algún día a nivel solista gustárame montar obras como unha obra feita para brassband, un tipo de agrupación que me gusta moito que consiste en só metais, chamada “Creepy Trombones” para tres trombóns solistas; “Conversación for tenor and bass trombones”, un duo de trombón tenor e baixo. Para orquestra teño ganas de comezar co

concerto para trombón de Grondahl e con “Bolivar”.

Tamén co trombón baixo, co que comecei fai un ano, gustárame preparar o concerto para trombón baixo e banda de Derek Bourgeois ou a obra de trombón baixo só “Meditación” de Frigyes Hidas.

**NOSSOMOS:** Como presentarías o trombón e que peza musical lle expoñerías a alguén que estea a elixir instrumento?

**EMMA GIMÉNEZ:** As veces que me tocou presentar o meu instrumento comencei ensinando como se monta, creo que algo que chama bastante atención, sobre todo entre nenos, é ver como se monta este aparato. Despois os glissandos e os efectos sonoros como a moto tamen son atractivos xa que son característicos nosos. De obras tocaría ou amosaría os extractos das valkirias, Bruckner 7 ou 8 e para cambiar pulcinella ou a pantera rosa.

**NOSSOMOS:** Que lle dirías, cal serían as túas primeiras palabras na túa primeira clase, se foses profesora, a alguén que elixise o trombón independentemente da súa idade?

**EMMA GIMÉNEZ:** Felicitaríaos por ter bo gusto! Aparte comezaría con moitas preguntas. Gustárame saber a qué aspiran os máis grandes, é dicir, saber por que se meteron á musica, en xeral saber que lles interesa da música, que estilos lles gustan, por que o trombón...e saber algo deles.

Por suposto recomendarialles moita música, os músicos fanse tocando e escoitando.

Despois xa nos enfrascaríamos en como comezar a tocar o trombón.

**NOSSOMOS:** Cántanos algunhas anécdotas que resaltarías, tanto individuais como en grupo que tiveches á hora da práctica musical co trombón.

**EMMA GIMÉNEZ:** Téñoas de todo tipo, a primeira que me ven é cando fun ao meu primeiro curso de trombón con Alberto Urretxo e polo nervios case lle tiro co trombón por estar xogando cas pernas; tamén o profesional e “supermaior” que me sentín cando fixen o meu primeiro concerto cunha banda. Da vez que volvín dunha excursión co instituto, tiña unha audición, o ensaio saíu perfecto pero no concerto non din unha. Os pasacalles onde facíamos “carreiras de motos” facendo o son, ou a procesión marítima onde case vai a boquilla dun compañeiro ao mar; toda a xente que coñecín no transporte público que me preguntan con curiosidade que levo en semellante maleta. Vivín bastantes alegrías e desgustos con este aparello a verdade.

**NOSSOMOS:** Cales son os teus proxectos de futuro no terreo artístico?

**EMMA GIMÉNEZ:** Teño as portas abertas a todo: instrumentista, docente, luthier ou incluso todo o relacionado á saúde do músico xa que soemos compartir patoloxías, dores corporais ou preocupacións e conductas.

Por agora aprender de todo, saber poñelo en práctica e recoller a maior cantidade de experiencia tanto positiva como negativa.

**NOSSOMOS:** Como adoitamos facer, este último espazo reservámolo para que poidas expresarte libremente ante os nosos lectores.

**EMMA GIMÉNEZ:** Nunca é tarde nin cedo para meterse a ningunha arte. Como dixo Spitzer somos seres musicais e tamén artísticos, por elo é importante deixar que tanto nenos como adultos se expresen e experimenten sen límites.

En xeral reivindicar a cultura e, sobretudo, darlle respeto é crucial para enriquecer as nosas vidas e construír comunidades vibrantes. A cultura reflicte as

tradicións e evolucións da poboación, conéctanos entre nós. Creo que a todos os artistas se lles debería ter máis en conta e ver que, ao igual que un avogado, temos o noso papel na sociedade.

Como dicía un profesor meu: Anímovos, suxírovos e estimúlovos a que probedes calquera das artes, que vos interesedes por algún tema e investiguedes e asistide a actos como este ciclo de intérpretes, exposicións, actuacións..., o arte non só está nos libros de historia da arte, está por tódolos lados!

**E** pasamos á terceira persoa entrevistada; *Uxía*. O pasado domingo doce de novembro na sala *Arcos Moldes* do Auditorio de Rianxo fixeche a presentación xunto ao teu compañeiro *Alberte Núñez* (Acordeón); e temos que dicir que nos deixaches con un moi bo sabor de boca. Unha historia completa, que nos cautivou desde un principio e que fixo gala dunha coherencia artística increíble. Desde a música ata a narración e a mesma montaxe todo fluía suave, cohesionado e áxil. Así mesmo fixéchedes gala dun gran dominio dos vosos instrumentos fronte a un repertorio musical moi esixente e variado polo que vos transmitimos as nosas felicitacións. E sen máis, comezamos a entrevista.

**NOSSOMOS:** Uxía, gustaríanos que te presentases ante as persoas que nos len. Quen es? Canto tempo levas na música?

**UXÍA GARCÍA:** Antes de máis, moitas grazas polas vosas palabras e por convidarme a realizar esta entrevista.

Eu son frautista e filóloga. Comecei a estudar música con 5 anos e teño 26, por tanto xa levo 21 anos coa música de acompañante. Iniciei os meus estudos na escola de música de Visantóna, despois pasei polo Conservatorio Profesional de Santiago e

finalicei os estudos superiores de música no Conservatorio Superior da Coruña. Na actualidade, entre outras cousas, dedícome á docencia.

**NOSSOMOS:** Poderías explicar a quen nos le os temas que interpretáchedes e por que os escollíchedes?

**UXÍA GARCÍA:** Os temas que escollemos para o noso concerto beben da tradición galega e da tradición brasileira. Escollemos esas dúas fontes porque, como vistes, a nosa historia tamén viaxa desde unha punta do planeta á outra. No plano galego, tocamos algúns temas arranxados por nós que nós mesmos recollemos a gaiteros como Benedito García Quiñoi, e outros de autores máis consagrados como Xoán Montes. No plano brasileiro, tocamos sambas, chorinhos, vales... xéneros tradicionais do Brasil moi ben escritos por compositores como Pixinguinha ou Jacob do Bandolim.

**NOSSOMOS:** Moita xente cando oe falar do saxofón, do piano, da trompeta, enseguida sitúan o seu papel nunha formación musical, enseguida pódense imaxinar algún só dalgún destes instrumentos, pero ti non tocas ningún deles, tocas a frauta e o teu compañeiro o acordeón. Podes falarnos destes instrumentos? Algo da súa historia, algo do seu papel nunha formación musical, por que os escollíchedes para a historia que nos contaches e, sobre todo; que significan para vos?

**UXÍA GARCÍA:** Penso que a frauta travesa é un instrumento ben coñecido para todos os galegos, tanto a través das bandas de música como a través dos grupos de música tradicional. Quizais é o acordeón diatónico (para entendernos, o acordeón de botóns) ao que non estamos tan afeitos, principalmente porque non hai tanta xente que o toque, mais tamén é moi habitual nos grupos de música tradicional. Curiosamente na música brasileira o acordeón

diatónico é moi utilizado.

Canto ao porqué de escollermos estes instrumentos para esta historia... Máis ben a historia xa viña cos instrumentos e os instrumentos coa historia. Tanto eu como Alberte temos un especial gusto pola música brasileira e casualmente os nosos dous instrumentos son moi utilizados nesa música, e tamén na nosa. De forma casual ou non, os dous funcionaron moi ben á hora de crearmos o fio condutor da nosa historia.

**NOSSOMOS:** Que repertorio de pezas e que persoas compuxeron ou se especializaron en composicións para estes instrumentos?

**UXÍA GARCÍA:** No que respecta á frauta, hai moitos séculos que se compón para ela. Os grandes compositores, dos que todo o mundo algunha vez escoitou falar, compuxeron para frauta: Mozart, Bach, Vivaldi... No plano da música brasileira, e neste caso do século pasado, seguramente o compositor máis coñecido sexa o Pixinguinha, de quen nós tocamos varias pezas.

Respecto ao acordeón diatónico, apenas hai compositores que compuxeran especificamente para ese instrumento, pero destacan intérpretes como Bruno LeTron, Ricardo Tesi, Janick Martin... Na gaita-ponto, que é como lle chaman ao acordeón diatónico no Brasil, destaca sobre todo Renato Borghetti.

**NOSSOMOS:** Cal é a peza ou as pezas que máis desexarías interpretar coa túa frauta?

**UXÍA GARCÍA:** Non é esa unha resposta fácil, mais creo que agora mesmo eu, ou calquera outra persoa, temos ao noso alcance miles de recursos para poder tocar o que queiramos, mellor ou peor, pero podemos facelo. Quizais, se tivese que escoller, proporíaame tocar algunha peza de Jethro Tull,

mais tentar facelo coa mesma mestría e descaro de Ian Anderson ía ser un auténtico reto.

**NOSSOMOS:** Como presentarías a frauta e que peza musical lle expoñerías a alguén que estea a elixir instrumento?

**UXÍA GARCÍA:** Sempre que lles presento a frauta aos meus alumnos, o primeiro que lles digo é que é un instrumento moi especial porque é o único -de entre os que teñen que escoller- que se toca de forma travesa e tamén o único que ten bisel; isto implica que máis da metade do aire que botamos vai para fóra porque só apoiamos o labio inferior na embocadura. Isto significa tamén que a frauta é un dos instrumentos que máis aire leva.

Canto ás pezas... coa frauta podemos tocar de todo! Cando se trata de escoller pezas, adáptome un pouco á idade do alumno ou alumna.

**NOSSOMOS:** Que lle dirías, cal serían as túas primeiras palabras na túa primeira clase, se foses profesora, a alguén que elixise a frauta independentemente da súa idade?

**UXÍA GARCÍA:** Un pouco na liña do que dixen na anterior pregunta, o primeiro que lles digo é que a frauta é un instrumento especial polas súas características, que a fan diferente aos demais instrumentos de vento madeira. A segunda cousa que lles digo, unha vez que xa teñen a frauta mercada, é que a teñen que tratar con cariño; a partir dese momento a frauta pasará a ser a súa irmá pequena e débena coidar como tal.

**NOSSOMOS:** Cóntanos algunhas anécdotas que resaltarías, tanto individuais como en grupo que tiveches á hora da práctica musical coa frauta.

**UXÍA GARCÍA:** A primeira anécdota que me vén á cabeza sucedeume aquí, en Rianxo,

cunha alumna. Foi fai dous anos cando aínda estabamos coas medidas estrictísimas da covid e tiñamos que gardar distancias e usar máscaras. A alumna chegou tarde e cando foi abrir o estoxo da frauta... sorpresa. Non había nada; deixáraa na habitación. Nunca tal me pasara. Foi a clase máis curta do mundo porque sen frauta, e sen a posibilidade de eu poderlle deixar a miña, non puidemos facer nada.

**NOSSOMOS:** Cales son os teus proxectos de futuro no terreo artístico?

**UXÍA GARCÍA:** O futuro sempre é incerto e a miña cabeza anda sempre chea de ideas, pero agora quérome centrar neste novo proxecto que temos Alberte e eu, que aínda está nacente e co que agardamos que moitos públicos se sintan partícipes da historia.

**NOSSOMOS:** Como adoitamos facer, este último espazo reservámolo para que poidas expresarte libremente ante os nosos lectores.

**UXÍA GARCÍA:** Só me gustaría destacar a importancia destes ciclos de novos intérpretes que organiza a Escola de música de Rianxo e que tan bos son para dar a coñecer músicas, ideas e proxectos. Así mesmo, tamén á vosa revista, que nos serve a nós para expresármonos e a vós para saber máis de quen vén tocar á vosa vila.

**G**ael Varela, María Presas Piñeiro e Lucía González Viana; o pasado domingo vinte e seis de novembro, na sala *Arcos Moldes* do Auditorio de Rianxo fixechedes unha presentación musical xunto aos vosos compañeiros do *Ensemble de Clarinetes da EMR* o cal, cun repertorio bastante ameno, fixo as delicias do público congregado. Ademais interpretachedes temas de diversas complexidades e estilos e con tal acerto que o

tempo se nos pasou voando, polo que queremos felicitarvos. Propuxémosvos a entrevista a vós por ser tres das persoas máis novas que compoñen o Ensemble e interesábanos o voso punto de vista. E sen máis comezamos a entrevista.

**NOSSOMOS:** Lucía, María e Gael, gustaríanos que vos presentádes ante as persoas que nos len. Quen sodes? Canto tempo levades na música?

**LUCÍA GONZÁLEZ:** Ola! Eu son Lucía González Viana e levo na música aproximadamente sete anos.

**MARÍA PRESAS:** Son María Presas e levo tocando o clarinete oito anos. Comecei na EMR e logo entrei no CMUS de Santiago, onde estou cursando agora mesmo 5º de Grado Profesional.

**GAEL VARELA:** Boas chámome Gael residente en Rianxiño, un rapaz de 11 anos que comezou a súa aprendizaxe musical cuns 5 anos e intentando dominar o clarinete dende os 8 anos.

**NOSSOMOS:** Lucía, poderías explicar a quen nos le os temas que interpretáchedes e por que os escollíchedes?

**LUCÍA GONZÁLEZ:** Neste concerto interpretamos unha variedade de estilos adaptados de cara ás nosas posibilidades e non hai un por qué exacto pero foi mais ben para mostrarlle á xente algo diferente e para que desfrutaran xunto a nós.

**NOSSOMOS:** Moita xente cando oe falar do saxofón, do piano, da trompeta, enseguida sitúan o seu papel nunha formación musical, enseguida pódense imaxinar algún só dalgún

destes instrumentos, pero vos non tocades ningún deles, tocades o clarinete. Podedes falarnos deste instrumento? Lucía algo da súa historia, Gael algo do seu papel nunha formación musical e, sobre todo; que significa para vos?

**LUCÍA GONZÁLEZ:** O clarinete é un instrumento da familia vento-madeira que foi creado no ano 1690 por un fabricante de instrumentos, Johann Denner. Dito instrumento para min é fundamental na miña vida e non me vería con outra opción, é impensable para min.

**GAEL VARELA:** O clarinete é un instrumento de vento que fai un importante papel melódico coma outros dentro dunha formación musical, podendo expresar un abanico melódico bastante amplo de ata máis de tres octavas, por iso fai que sexa un instrumento moi importante dentro dunha formación, así que me gusta tocar este instrumento e estou moi ilusionado con el.

**MARÍA PRESAS:** O clarinete é unha parte vital de min despois de tantos anos na miña vida. Grazas a él coñecín pezas fermosas, as cales posiblemente non tería nin idea da súa existencia se nunca houbera decidido tocar este instrumento. Coñecín compositores, pero sobre todo compositoras, como Germaine Tailleferre ou Augusta Holmes. Coñecín moita xente maravillosa grazas ao clarinete, ademáis de mestras increíbles. Pero principalmente, descubrín a satisfacción de facer sonar o clarinete, relucindo un sonido suave e elegante, e de transmitirle á xente ese sonido tan especial.

**NOSSOMOS:** María. Que repertorio de pezas e que persoas compuxeron ou se especializaron en composicións para este instrumento?

**MARÍA PRESAS:** O principal compositor a destacar na historia do clarinete é Mozart, pois era un gran admirador deste instrumento, e compuxo unha das obras máis vitais no repertorio de calquer clarinetista, o Concerto para clarinete e orquestra K 622. Carl Maria von Weber é un compositor moi destacado, pois as súas pezas para o clarinete son moi populares e os clarinetistas que estudamos profesionalmente soemos tocar polo menos unha ao longo dos nosos estudos. O Concertino en Mib Maior Op. 26 é unha peza moi recorrente nos conservatorios, e todos habituamos tocala a mediados do grado profesional. Outra peza a destacar é o Concerto para clarinete N°1 en Fa menor. Johannes Brahms é tamén outro gran compositor na historia do clarinete, que igual que Mozart, encantoulle o instrumento logo de escoitar a un intérprete, e compuxo as Sonatas n.º 1 y n.º 2.

**NOSSOMOS:** María e Gael. Cal é a peza ou as pezas que máis desexarías interpretar co teu clarinete?

**MARÍA PRESAS:** Sen dúbida Blues do Americano en París, de George Gershwin. Dende a primeira vez que a escoitei no concerto de Aldara Muíños no III Ciclo de Novos Intérpretes, namoreime da peza e comecei a documentarme sobre ela. A intención de Gershwin era transportar ao oínte ás rúas da cidade da luz, e o logra dunha maneira impresionante. Conto nun futuro con ter o nivel suficiente para poder interpretala. O que me frea agora mesmo, ademáis da súa dificultade técnica, é o meu descoñecemento do jazz, pero espero aprender máis adiante e poder facer unha interpretación decente.

**GAEL VARELA:** A verdade e que non teño ningunha peza en especial por interpretar, gústame moito a interpretación de clarinete de un grupo de musica tradicional chamado “Cuarteto Caramuxo”, pero non atopei

partituras por ningún lado, así que simplemente concéntrome en interpretar as pezas que me van xurdindo na banda e en diferentes clases e actividades de clarinete, procurando interpretalas ca máxima exactitude.

**NOSSOMOS:** Gael e María. Como presentaríades o clarinete e que peza musical lle expoñeríades a alguén que estea a elixir instrumento?

**GAEL VARELA:** O clarinete presentaríao como un instrumento de vento moi agradecido melodicamente, con moitas posibilidades de interpretación de calquera variedade musical, que con un pouco de esforzo realmente valen a pena os seus frutos musicais, se tivera que elixir unha peza esta sería unha que chamase a atención ou que me guste, coma por exemplo un fragmento dunha peza dos “Caramuxos” que interpretaba de oído chamada “mazurca de Laroà”.

**MARÍA PRESAS:** O clarinete é un instrumento extremadamente versátil, capaz de producir sonidos doces ou agresivos, agudos ou graves... que abre portas a diferentes tipos de música, ademáis de ser relativamente sinxelo de aprender comparado con outros instrumentos de vento. Posiblemente lle expoñería Summertime, de George Gershwin, pois é unha peza moi popular que en tres minutos ensina a enorme versatilidade do clarinete.

**NOSSOMOS:** Lucía e María. Se foses dar clases de clarinete, que lle diríades, cal serían as vosas primeiras palabras na vosa primeira clase, a alguén que elixise o clarinete independentemente da súa idade?

**LUCÍA GONZÁLEZ:** Se chego a ter ese momento algún día, que oxalá, diríalle que se

de verdade lle gusta a música que traballe e se esforce sempre, pero sobre todo que a disfrute como se merece.

**MARÍA PRESAS:** O clarinete conta, como todo, cas súas cousas boas e malas. Váiselle chamar Calamardo os 365 días do ano, vaise fartar de gastar cartos en canas e nas agrupacións musicáis sempre vai ser dos últimos en saír polo tempo que require limpar e gardar o clarinete. Pero a cambio vai aprender a tocar un instrumento fermoso que lle vai abrir moitísimas portas se busca dedicarse á música, cun sonido encantador e versátil e cun repertorio bastante amplo e variado.

**NOSSOMOS:** Contádenos algunhas anécdotas que resaltaríades, tanto individuais como en grupo que tiveches á hora da práctica musical co clarinete.

**MARÍA PRESAS:** Unha anécdota recente que podo contar foi a miña primeira vez tocando o clarinete baixo. Sabía que era un instrumento que precisa moito aire tendo en conta o seu tamaño, pero pilloume desprevenida de todas formas. Cando intentei dar a miña primeira nota, non había maneira de que sonara nada, aínda que estivera deixando os meus pulmóns no intento. Logo dun rato conseguín facelo sonar, pero sonaba coma un principiante na súa terceira clase de clarinete, e en case todas as notas máis graves saíame o armónico. Foi unha introducción ao clarinete baixo algo caótica.

**LUCÍA GONZÁLEZ:** Anécdotas como tal non sabería dicirvos... pero algo que me pasa máis veces das que me gustaría é cando sen querer me pita o clarinete durante unha peza ou soa a nota que non é (culpa miña).

**GAEL VARELA:** Acórdome de cando compramos o clarinete de segunda man eu e meu pai a unha señora de Rianxo, ou a miña

primeira actuación coa BEMR que foi o 1 de Maio deste 2023 da que saín moi contento coa interpretación que fixen, tamén o meu primeiro pasarrúas ca banda no que me recomendaba o director en levar ben o paso e os compañeiros dicíanme de todo, uns que levara o paso e outros que tocara.

**NOSSOMOS:** Cales son os vosos proxectos de futuro no terreo artístico?

**MARÍA PRESAS:** Non teño intención de adicarme profesionalmente á música, pero tampouco teño plans de abandonala despois de tantos anos. Seguirei na BEMR e se se da a oportunidade de unir-me a outras agrupacións musicais, posiblemente acepte. Pero nin a docencia musical nin a interpretación solista están nos meus plans de futuro.

**LUCÍA GONZÁLEZ:** De vista ao futuro non o teño moi claro pero gustaríame continuar na música con cada vez máis ganas e poder chegar ben lonxe neste terreo.

**GAEL VARELA:** Seguir estudiando e aprendendo, intentar entrar no conservatorio xa que neste ano estou facendo a preparación, ademais do clarinete tamén vou a clases de piano e comecei non fai moito ampliando a miña andadura musical co clases de música tradicional galega comezando xa a tocar unha gaita que era de meu pai.


**NOSSOMOS:** Como adoitamos facer, este último espazo reservámolo para que poidades expresaros libremente ante os nosos lectores.

**LUCÍA GONZÁLEZ:** No fondo expresarme libremente é algo que me custa moito pero por último gustaríame dicirvos que se de verdade vos gusta a música, a disfrutedes como se debe e que sempre a levedes convosco.



**Gael Varela:** Estou moi contento e orgulloso de formar parte da BEMR, e unha actividade moi ilusionante e encantado de compartir clases, ensaios, actividades e actuacións en definitiva tempo con profes e compañeiros que coma min decidiron dedicar unha parte da súa vida a algo tan bonito coma a música, que nos fai felices tanto a nós coma ao noso público.

**A**gradecemos a todas as persoas que participaron o tempo e o entusiasmo dedicados. Desexamos que continúen gozando coa música como ata o de agora o fixeron e continúen crescendo nela.



**VI CICLO DE NOVOS INTÉRPRETES**



**Trío Ardora**  
 Roger Solé (Óboe)  
 Ayse Yavuz (Viola)  
 Clara Martínez (Violonchelo)

Auditorio de Rianxo - Sala Arcos Moldes  
 Domingo 1 de outubro, 12:30

Organiza:  Colabora:  Actívidade Subvencionada: 



# Iniciativas Construtivas

*O Baixo Ulla, un proxecto ilusionante da  
Asociación Cultural Os Penoucos.*

## Redacción

Poderíamos, perfectamente, descubrir a Asociación Cultural *Os Penoucos* a través de Internet e, de darse o caso, na súa páxina *web* atoparíamos a seguinte descrición: “*Os Penoucos* nace no 2006, froito das inquedanzas dun grupo de persoas do *Baixo Ulla*. Ten como piares fundamentais o fomento da lingua e cultura galega, realizando actividades culturais, artísticas e medioambientais.” E, se sentados no noso cómodo asento continuásemos buscando información a través das redes informáticas, penetrándonos na web propia de *O Baixo Ulla* poderíamos ler o seguinte: “A **Asociación Cultural Os Penoucos** impulsa o proxecto colaborativo **obaixoulla.gal | patrimonio + territorio + paisaxe**. Preténdese recoller nun mapa a totalidade do patrimonio cultural, natural e paisaxístico do territorio polo que discorre o río Ulla no seu treito baixo, antes de deixar de ser río e converterse en ría.” E, como tamén expoñen claramente “é un catálogo dixital aberto de elementos patrimoniais,

naturais e paisaxísticos dos concellos de Catoira, Dodro, Padrón, Pontecesures, Rianxo e Valga. Todos eles documentados, clasificados e xeolocalizados con mapas libres.” Si, certamente poderíamos atopar esa información tan só picando aquí e alá co rato e tecleando unhas cantas cousiñas pero, habemos de ser sinceros; non foi así como os localizamos. De feito, están aquí por como os descubrimos, polo útil que nos foi o seu catálogo e polo que a partir de aí fomos atopando. E remitimos a súa páxina web ([www.obaixoulla.gal](http://www.obaixoulla.gal)).

Aínda lembramos o día... Facía unha tarde preciosa, desas tardes de primavera en que apetece saír, máis que a pasear, a descubrir cousas novas. Estabamos en *Imo* (pertencente ao *Excelentísimo Concello de Dodro*) solicitando información para un dos artigos da sección *Un Paseo Polos Nossos Lugares* da nosa revista, cando escaneamos un código QR nun panel de información ao pé duns petróglifos. Ao final da ligazón que abrimos rezaba a seguinte frase “Feito en Valga, Ames e Mugardos con paixón e software libre.” Talvez a certas persoas poderíalles parecer superficial se dixésemos que xa tan só esta frase nos atraeu. A nós non nolo parece pois somos conscientes de que tras ela

hai un posicionamento ideolóxico determinado e, tamén, moito traballo desinteresado. Traballo que nos foi, é, e continuará sendo moi útil no futuro non só a nós senón a quen teña inquietude por coñecer e *percorrer* a nosa terra. Traballo que cremos estamos na obrigaón de recomendar a todas as mentes inquietas que nos len.

Habemos de valorar, doutra banda, a xenerosa visión de unidade, máis aló de orelleiras localistas (léase provinciais), que subxace tras un proxecto que une dúas ribeiras dun mesmo río, a de Pontevedra e a da Coruña. Moitas veces temos a visión incompleta dun Rianxo orientado soa ou principalmente á ría e ao río...*Té*; mentres damos a costa ao gran río *Ulla* coma se non transcorrese polo noso municipio, coma se fose algo alleo a nós. Así que si, temos unha razón máis para agradecer o seu traballo a O Baixo Ulla e, por extensión, a Os Penoucos. Toda unha lección para nós.

E, por último, e non menos importante ao noso entender: estamos ante un traballo colaborativo que nos impresionou pois é todo un esforzo de investigación, de percorrer palmo a palmo a nosa terra, de documentación sistemática, técnico e informático, de coordinación de todo iso e tamén de relacións con outros organismos... e é, precisamente o seu carácter colaborativo, onde se convida a participar a toda persoa que o desexe, o que o fai grande. Porque o grande non é, ao noso entender, o que unha persoa individualmente poida facer senón o que cada un poida achegar e entre todos poidamos construír. O grande é a rede de pés para *patear*, mans para *transformar* e mentes para *ver e comprender* que podemos tecer ao redor dun proxecto dado. Esa é a verdadeira, a auténtica rede que necesitamos despregar e que, asociacións como a que nos ocupa, están a tender.

Estas son, en definitiva, as tres razóns polas que lles convidamos á entrevista. Para aprender deles con humildade e para dar a

coñecer o seu interesantísimo traballo entre aquelas persoas que nos len. Devandito o cal... comezamos coa entrevista.

**NOSSOMOS:** Na presentación citamos contido recolleito da vosa páxina; con todo gustaríanos que corrixisedes, completásedes ou engadísedes o que fose necesario é que podades expresar as persóas que nos len, que vos motivou a realizalo e cales son os vosos obxectivos.

**O BAIXO ULLA:** Hai uns anos desde a Asoc. Os Penoucos realizamos un mapa onde se catalogaban os bens patrimoniais de Valga. Esta iniciativa ademais de ter moito potencial, fomentou o interese das persoas achegadas á Asoc., e demais veciñanza. Así, a idea inicial foi construíndo o proxecto que temos hoxe; obaixoulla.gal, un proxecto dixital, aberto e colaborativo desde o seu inicio.

De forma global, unha das principais motivacións que nos levou a iniciar este proxecto é que queremos achegar o patrimonio ás persoas, e que as persoas nolo acheguen usando as novas tecnoloxías. Os inventarios municipais están obsoletos e son limitados, non recollen todo ese patrimonio máis complexo, ese que garda un valor social e que está moitas veces silenciado.

Ademais, en Galicia temos o catálogo do patrimonio, pero estamos nas mesmas, é limitado e nel reflíctese aquel patrimonio “oficial”. Entón, para nós é importante recoller os patrimonios que as persoas que habitan un territorio consideran como tal e poder difundilo de forma divulgativa e accesible. É unha forma de valoralo e de motivar a

socialización do mesmo e de coñecer aquilo co que se sente identificada a veciñanza, e co que non tamén. Que sexa un proxecto colaborativo desde o seu nacemento --xa que foi construído xunto coa Comunidade O Zulo-- e que aposte pola cultura do Libre Software, asenta uns valores sólidos que fortalece o carácter comunitario do proxecto.

Por último, temos que ter en conta as motivacións da equipa que estamos maiormente tras o PC. Sen a nosa motivación non poderíamos seguir adiante co proxecto, xa que a vez motivamos ás persoas a que participen, nutrimos as RRSS, e espallamos o proxecto a través de diferentes canles e espazos (sexan divulgativos ou de carácter máis científico).

Os nosos obxectivos:

- \* Valorizar e socializar o patrimonio e o libre aceso e uso das novas tecnoloxías de información e comunicación co uso de software libre.
- \* Difundir e socializar os elementos patrimoniais considerados como tal polos propios habitantes nun territorio maiormente rural, o Baixo Ulla.
- \* Construír un proxecto colaborativo e participativo ao longo do tempo.
- \* Dar visibilidade ao territorio e ás súas comunidades, mapeando o común.

**NOSSOMOS:** Que problemas e/ou dificultades vos atopastes ao levar a cabo o voso proxecto?

**O BAIXO ULLA:** Ademais dos problemas

técnicos referentes á web que nalgunha hora puidemos ter, o tempo é o principal problema xa que este proxecto nace e vive do activismo, do noso tempo libre que as máis das veces é limitado. Por outra banda, non denominaríamos como problema, pero si como limitación a cuestión da fenda dixital.

**NOSSOMOS:** Con que axudas contastes? En que cuestións os organismos e entidades axudáronvos ou poderían axudar? Como e en que aspectos poderíamos achegar o noso granito de area os membros da comunidade?

**O BAIXO ULLA:** Contamos co traballo altruísta das persoas que habitan o Baixo Ulla —ou que teñen algún tipo de conexión co territorio en cuestión— e que participan no proxecto achegando información, investigando, etc. É dicir, das persoas que son parte do obaixoulla.gal, porque somos unha comunidade!

Se vos referides a axudas monetarias, non tivemos soporte económico, pero tampouco o buscamos. Polo momento, a nosa idea é seguir mantendo o proxecto co tipo de gobernanza que eliximos. Pagamos a URL da web vendendo cada ano algún tipo de merchandising relacionado co proxecto, sexan camisolas, bolsas...

Para nós non hai mellor aportación que a comunidade use este proxecto, e que o nutra. Só así ten sentido obaixoulla.gal. O día que deixe de ser “útil” acabárase o proxecto, mais de momento consideramos que continua estando vivo e en movemento.

**NOSSOMOS:** Cales son as principais anécdotas que vos parece que sería útil resaltar desde que comezastes o voso proxecto?

**O BAIXO ULLA:** Anécdotas propiamente ditas non se nos ocorren... se cadra nos comezos do proxecto, cando se construíu a web e se migrou moita info á mesma da que xa dispoñíamos nós: foron moitas horas de traballo e de convivencia coas persoas da Comunidade *O Zulo!*

**NOSSOMOS:** A realización deste proxecto, que vos achegou a vós como grupo? E poderíades relatar algún caso práctico do que achegou a outras persoas ou grupos de persoas nos seus propios proxectos?

**O BAIXO ULLA:** a nós como grupo deunos a oportunidade de nos coñecer máis en canto a intereses e preocupacións. E como persoas individuais danos a oportunidade de aprender e seguir aprendendo e mesmo coñecendo máis o noso territorio, paisaxe e patrimonio.

**NOSSOMOS:** Ou Baixo Ulla realiza tamén outras actividades? De ser así, contádenos algo sobre elas.

**O BAIXO ULLA:** Principalmente realizamos roteiros e participamos sempre que podemos colaborando con outros proxectos. Temos realizado charlas en xornadas doutras asociacións ou en espazos como no Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro ou no “SOPA: Congreso Internacional de Socialización do Patrimonio no medio Rural”, entre outros. Ademais, como non podemos esquecer que somos parte da Asoc. Cultural Os Penoucos, realizamos actividades culturais como presentación de libros ou cinema social.

**NOSSOMOS:** Moitas veces aprendemos máis dos erros que dos acertos. Poderíadesnos contar un erro, só un, cuxa comprensión vos fixo avanzar?

**O BAIXO ULLA:** Máis que erros, que podemos ter moitos técnicos en canto á catalogación e demais, consideramos que aprendemos a comprender e respectar as visións diversas que teñen as persoas sobre un espazo ou patrimonio.

A dimensión afectiva é crucial á hora de considerar algo como patrimonio. As persoas poden ter un vínculo material ou simbólico con ese algo, e ese vínculo deriva da experiencia vital individual e colectiva. É complexo e vai máis alá das visións conservadoras derivadas, en boa parte, da lexislación. Pola nosa parte, reflexionamos sobre o tema e tentamos expoñer os relatos que nos van chegando tendo en conta que a consideración ou non dun elemento como patrimonio e a súa conservación responde a un proceso natural na que a dimensión social do patrimonio é fundamental.

**NOSSOMOS:** Que plans, ampliacións do proxecto ou quizais novas metas tedes de fronte ao futuro?

**O BAIXO ULLA:** Polo de pronto, levamos un tempo querendo meter na web a máis concellos, como Vilagarcía de Arousa. Pero, como sempre, o tempo libre é limitado! Neste caso realizaron o traballo de mapeamento e recolla de información a Asociación de Mulleres Rurais de Bamio, as cales están a fronte do proxecto Louceir@s de Bamio. Un proxecto interesantísimo no que participa tamén a arqueóloga e doutora Beatriz Comendador.

**NOSSOMOS:** A miúdo, cando alguén con iniciativa, creatividade e ideas novas tenta presentar un proxecto adoita recibir lapidarias, desalentadoras frases como “iso é moi difícil”, ou “iso é imposible”. Que lle diríades a aquelas

persoas que desexan e necesitan facer algo?

**O BAIXO ULLA:** Neste caso, como se trata dun proxecto levado a cabo no tempo libre e en comunidade, non sentimos esa sensación “lapidaria”, de ser así non o faríamos nin seguiríamos con el! Polo tanto, a cuestión da motivación é especialmente importante. Nós centrámonos máis nas ganas que nas críticas non construtivas e entendemos que o tempo é limitado, pouco a pouco.


**NOSSOMOS:** O espazo da última pregunta deixámolo en branco, para que expresedes libremente aquilo que consideredes.

**O BAIXO ULLA:** Animamos á veciñanza de Rianxo a participar no proxecto, podeades achegarnos fotografías, información e o que consideredes ao noso e-mail ou a través das RRSS! Tamén vos convidamos a usar a plataforma para proxectos que poidades levar a cabo, como é o caso de Dodro, que realizaron un roteiro autoguiado con QR que levan ás fichas correspondentes dos elementos en cuestión! Obaixoulla.gal é de todas e todos que queiran usalo! Pola nosa banda, estamos ao voso dispor. Moitas grazas polo espazo que nos brindades nesta revista e moitos parabéns pola iniciativa.

**A**gradecemos a *O Baixo Ulla* a súa participación nesta entrevista tan enriquecedora, non soamente para os nosos lectores senón tamén para calquera persoa que desexe desenvolver un proxecto que, das súas mans, pase a ser sostido e alimentado polas mans do pobo. Son precisamente as mans do pobo as que nos fan ter os pés ben firmes na terra. Transmitístenos nas vosas respostas positividade, enerxía, alegría e optimismo; cousas imprescindibles para comezar e manterse en calquera

obxectivo que nos propoñamos e isto é, e non outra cousa, o que desexamos que as persoas que nos len reciban. *A confirmación práctica de que é posible loitar e facer algo.* Tan só hai que *responder as necesidades obxectivas do pobo.* Tan só hai que dar o primeiro paso... e aprender de cada paso que damos. Moitas grazas por algo tan fermoso e non podemos pechar mellor esta entrevista que coas vosas propias palabras:

“Para nós non hai mellor aportación que a comunidade use este proxecto, e que o nutra. Só así ten sentido obaixoulla.gal. O día que deixe de ser ‘útil’ acabárase o proxecto, mais de momento consideramos que continua estando vivo e en movemento.”



*Once Upon a Time in the West*, Ennio Morricone. Arranxos, Music Corporation. Piano, Nereida Pérez

# A Música das Palabras

## Case en outubro

Tamborila no cristal,  
pide paso  
avisando con perlas  
que se debullan  
tras a xanela,  
pintando efémeros carreiros  
sen cor  
que borran o pasado;  
chegou  
xusto antes de Outubro.

Entrou tarde,  
abrupto,  
violento  
e frío  
e deu un paso adiante.

Máis tamén incerto,  
inseguro,  
fintando pequenos intentos  
aquí e alá,  
que aínda non humedecen a semente  
que aínda non preñan terra,  
que aínda non sucán as acequias;  
balbuciendo o que ha de ser.  
E deu un paso atrás.



Lonxevo foi  
o que xa pasou seco.  
Máis el agora  
silva esporádico  
mentres martela  
no cristal  
anunciándose  
como os pelos  
dun ancián  
que, de parques,  
non chegan  
a cubrir  
a súa cabeza.

Con ansia  
te esperamos.  
Toma o que é teu.

*Jesús Pérez, 20201025.*

## Padre Nuestro Pequeniño

En Taragoña,  
ao pé do fogo  
na casa  
que de ela foi  
e, como ela,  
xa non,  
a bisavoa Lola  
coñeceu moitas tardes  
ca miña nai  
xa medrados  
os seus parruliños.  
E no lume  
da lareira,  
ao calor,  
regou o seu corazón  
con risas,  
contos,  
cantos  
e oracións  
coma a que aquí vos traio.  
Polo que ela foi.  
Polo que eles son.  
Polo que vive en min.

*Padre Nuestro pequeniño*  
*Lévame polo bó camiño*  
*Alá fun ala irei*  
*Tres Marías encontrei*  
*Prejuntando por Jesús*  
*E Jesús está na crus*  
*E na crus en no altar*  
*Cos piemos a sangrar,*  
*Chamando por Madalena*  
*que llos viñese limpar.*

*Tente, tente, Madalena*  
*Non me veñas lastimar*  
*Que éstas son as sinco llajas*  
*Que por ti han de pasar*  
*Coma as areiñas no Mar.*

Intro: *Nereida Pérez*, 20200822.  
Padre Nuestro: 1975 Taragoña, Rianxo.  
Avoa Lola - Recollido pola sua neta.



## Naceron Xigantes




Naceron xigantes  
da terra  
sen horizonte,  
proxectándose ao futuro  
sobre ás amplas  
e corazón de ferro.

*Jesús Pérez*, 20200628.



# CONTANDO COMPASES

TÍPICA EXCLAMACIÓN DUN COÑECIDO DETECTIVE DE FICCIÓN





Xosíño e Xosete



Anestasio, il Duce da Maxia



**Nossomos é unha  
Publicación trimestral do  
EDPC da Escola de  
Música de Rianxo.  
Exemplar gratuito.  
Licenza CC (BY-SA)**